

# Faite socio/a da



**A** Asociación de Nais e Pais San Simón do IES de Cacheiras, con 223 familias asociadas, participa na vida do centro colaborando coa dirección e o profesorado na realización de actividades complementarias (grupo de teatro, charlas educativas, obradoiros de poesía e narrativa, contacontos, melloras nos laboratorios, festivais, viaxes, cursos, visitas culturais...). Tamén formamos parte dos órganos de goberno do IES, coma o Consello Escolar, o Consello Económico e outros.

**E**ntre os nosos logros podemos destacar que, traballando en conxunto coa dirección e co concello, temos conseguido regularizar o transporte (axustando

os horarios e conseguindo a gratuidade para o alumnado de bacharelato neste curso e en outros anteriores), a ampliación da biblioteca, o cambio de horario lectivo no centro escolar, a mellora do entorno do centro, etc.; pero aínda son moitas as cousas que nos quedan por facer, coma conseguir un ximnasio máis grande ou un pavillón deportivo, mellorar o patio escolar con máis puntos de auga e bancos, e un longo etc...

**T**amén seguimos co banco de libros nos cursos de bacharelato e nas materias que traballan aínda co libro de texto nos cursos de ESO, así coma con libros de lectura no resto de cursos.

**Por todo isto, e porque xuntos somos máis fortes é polo que vos pedimos que vos asociedes.**

## Como asociarte

- 1.** Pagando o importe da cota **20€ por familia e curso** na conta de Abanca: ES66 2080 0719 0730 4000 0305  
Concepto: Pago cota ANPA e o teu nome.
- 2.** Facéndonos chegar os teus datos e copia do resguardo de pagamento a **anpaiescacheiras.gal/asociate**